



## AUTOINFORME DE SEGUIMENTO

**Grao en Lingua e Literaturas Modernas**

**Curso Académico: 2016-2017**

- [Datos da universidade e do título obxecto do seguimento](#)
- [Cumprimento do proxecto establecido](#)
  - Dimensión 1. A xestión do título
    - [Criterio 1. Organización e desenvolvemento](#)
    - [Criterio 2. Información e transparencia](#)
    - [Criterio 3. Sistema de garantía de calidade](#)
  - Dimensión 2. Recursos humanos
    - [Criterio 4. Recursos Humanos](#)
    - [Criterio 5. Recursos materiais e servizos](#)
  - Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
    - [Criterio 6. Resultados da aprendizaxe](#)
    - [Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento](#)
- [Listaxe de evidencias e indicadores](#)
- [Modificacións do plan de estudos](#)
- Plan de Melloras

**1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DE SEGUIMENTO**

Denominación do título	Grao en Linguas e Literaturas Modernas
Mencións/Especialidades	<b>Lingua e Literatura Alemás, Lingua e Literatura Italianas, Lingua e Literatura Francesas, Lingua Portuguesa e Literaturas Lusófonas, Filoloxía Románica</b>
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	
Centro responsable	Facultade de Filoloxía
Centro/s onde se imparte	Facultade de Filoloxía
Rama de coñecemento	Artes e Humanidades
Número de créditos	240 ECTS
Profesión regulada	
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2009/2010
Data acreditación ex ante (verificación)	22/06/2009
Data renovación acreditación	15/09/2017

## CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

### DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

#### **CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:**

**Estándar:** O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada. Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudiantes.

**1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.**

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

De acordo co que se indica no apartado 1.1 do Informe de Renovación da Acreditación (en diante IRA) do Grao en Lingua e Literaturas Modernas (en diante GLLM), o título mantén a súa relevancia de acordo cos requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional. O título orientase cara á formación de graduados que dominen coñecementos e metodoloxías científicas e recursos de análise para o estudio avanzado en cada unha das cinco Mencións da titulación: Lingua e Literatura Alemás, Lingua e Literatura Italianas, Lingua e Literatura Francesas, Lingua Portuguesa e Literaturas Lusófonas, Filoloxía Románica.

Ademais, o estudo desas linguas e as súas literaturas vincúlase ao das súas respectivas culturas, tanto desde a perspectiva da unidade coma da diversidade nos ámbitos xermánico, francófono, italiano, lusófono e románico.

Bo reflexo da relevancia do GLLM é a evolución da taxa de matrícula dende o inicio da súa implantación. O título presenta uns indicadores de demanda moi positivos. De feito, o número de alumnos que se matriculan por primeira vez acada amplamente o límite de prazas (75), sendo mesmo superado: 77 alumnos no curso 2015-16, 76 alumnos no curso 2016-17 e 79 alumnos no curso 2017-18 (IN04G-PC-05).

Cómpre sinalar que no *Informe Final de Evaluación para la Renovación de la Acreditación* do GLMM se recoñece a actualización e relevancia do GLMM: "el título mantiene su interés académico y está actualizado según los requisitos de la disciplina, avances tecnológicos y científicos".

**1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.**

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspón dese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspón dese co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumple a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudiantes que os cursen e adecuáse ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

.A oferta de módulos e materias do GLMM correspón dese en liñas xerais co establecido na Memoria Verificada (MV), tendo en conta que houbo un cambio sustancial no Plan de Estudos, xa que os antigos Itinerarios foron substituídos polas actuais Mencións ao título de Lingua e Literatura Alemás, Lingua e Literatura Italianas, Lingua e Literatura Francesas, Lingua Portuguesa e Literaturas Lusófonas, Filoloxía Románica.

O grao de cumprimento dos aspectos sinalados no IRA e mais na Descripción do Título que figura na MV é satisfactorio, xa que as competencias básicas e específicas alí explicitadas estanse a cumplir e desenvolver como estaba previsto.

No que respecta ás actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, estanse a revisar algúns desaxustes entre a MV e as guías docentes e programas de materias, dentro do plan de accións de mellora (AM-01), cuxas fórmulas de execución están detalladas no Criterio 2 deste informe. Respecto ao tamaño dos grupos permanece na liña de clases reducidas que caracteriza o título e permite seren dúbida un maior nivel de fluidez nas relacións alumnado-profesorado, tal e como reflictan altas valoracións obtidas nas enquistas de satisfacción de ambos os dous colectivos.

No que respecta á participación do alumnado nos programas de mobilidade (IN08G-PC-05), mantense en porcentaxes similares a cursos anteriores. No curso 2016-17 participaron un total de 24 estudiantes (un 7,77%), o que supón unha lixeira baixada con respecto ao curso 2015-16, cun total de 25 estudiantes (8,65%). En temos xerais, o título mantén así o seu dinamismo habitual con respecto á mobilidade.

**1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudiantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.****Aspectos a valorar:**

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarse o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudiantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudiantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Cabe considerar satisfactorio o grao de cumprimento dos aspectos sinalados na Descripción do Título que figura na MV, pois as competencias básicas e específicas alí explicitadas estanse cumplindo e desenvolvendo tal como se mencionou no apartado anterior.

A dinámica de coordinación desenvólvese do seguinte xeito: todos os profesores implicados directamente na docencia do título de GLLM reúnense varias veces ao ano por áreas, subáreas e materias; como mínimo, unha vez ao ano, cando se procede á planificación do POD, momento no que, ademais da distribución horaria, por grupos e por sesións (expositivas, interactivas, titorías) se discuten puntos como a necesidade e/ou recomendación da elaboración de traballos, xunto coas finalidades perseguidas a través destes; os criterios de avaliación; etc. Cada ano dásele publicidade á oferta de prácticas externas aos alumnos de grao en sesións informativas organizadas polo Centro. As últimas sesións, con información sobre a oferta para o curso 2016-2017, tiveron lugar o 10 de maio (vid. IRA, p. 62) e o 15 de setembro de 2016. Estas sesións enmarcárانse no Plan de Acción Titorial da Facultade de Filoloxía, aprobado en marzo de 2017 (vid. AM-003 do IRA).

Precisamente unha AM para o curso 2016-2017 consistiu en realizar unha reunión informativa para o alumnado coa participación de representantes das entidades nas que estaba previsto que se levasen a cabo as prácticas (AM1.3\_V do IRA).

Co obxectivo de coordinar as prácticas externas acordouse na Xunta de Facultade de 8 de xullo de 2016 a creación dunha comisión que finalmente se constituíu o día 12 de xaneiro de 2017. Executouse, así, a AM1.3\_VI do IRA, destinada principalmente a mellorar a xestión do programa de prácticas. Cabe resumir as tarefas que a comisión foi levando a cabo durante o curso 2016-2017 nos seguintes puntos:

1. Elaboración de fichas para que as empresas definan o proxecto formativo que ofrecen aos alumnos (reunión do 12/01/2017). Deste modo, a Comisión pode valorar a idoneidade do centro para a formación dos estudiantes.
2. Aprobación dos criterios para a tramitación dos novos convenios de prácticas, que deben levar o visto e prace da comisión do título antes de seren aprobados pola Comisión de Prácticas Externas (vid. acta da reunión do 01/06/2017).

3. Elaboración dunha guía para estudiantes e para tutores académicos e profesionais (aprobada na reunión da Comisión de Prácticas Externas celebrada o 20/07/2017).
4. Mellora da información que figura na convocatoria de prácticas externas (tal e como se indica na acta da reunión da Comisión de Prácticas Externas celebrada o 20/07/2017, especificase no apartado 3 a composición da Comisión que resolverá a convocatoria, inclúense os criterios de selección dos candidatos e engádese o apartado 6, con información relativa á presentación de recursos).
5. Elaboración dun modelo de informe para o tutor profesional (aprobado na reunión da Comisión de Prácticas Externas celebrada o 20/07/2017).
6. Elaboración dun modelo para a memoria de prácticas do estudiante (aprobado na reunión da Comisión de Prácticas Externas celebrada o 20/07/2017). Nesta memoria, o alumno ou alumna debe especificar os obxectivos das prácticas realizadas, elaborar un breve organigrama da entidade en que realizou as prácticas, realizar unha exposición detallada e cronolóxica das actividades desenvolvidas, vincular as prácticas coas materias da titulación que lle resultaron más útiles para o seu desenvolvemento, sinalar o grao de rendibilidade das prácticas e o seu valor como complemento da formación adquirida no título e, finalmente, facer unha valoración global e ofrecer suxestións de mellora. A través da memoria, os tutores académicos poden detectar posibles problemas no centro de prácticas ou no desenvolvemento das actividades, que comunicarán ao coordinador de prácticas do título de cara á mellora das prácticas externas do GLLM.

Os diferentes documentos a que acabamos de fazer referencia aplicáronse por primeira vez nas prácticas correspondentes ao curso 2017-2018 e poden encontrarse en [http://www.usc.es/gl/centros/filoloxia/outra\\_informacion/practicas\\_externas/practicas.html](http://www.usc.es/gl/centros/filoloxia/outra_informacion/practicas_externas/practicas.html)

#### **1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudiantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estos estudios.**

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudiantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudiantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Faise necesario precisar aquellas circunstancias que caracterizan o perfil de ingreso do alumnado no GLLM.

Segundo os datos facilitados pola CIUG para o curso 2016-17, o GLLM tivo un total de 262 solicitudes, das cales 95 foron admitidas, aínda que se fixeron efectivas finalmente 82 matrículas, do total de 75 prazas que desde 2011-12 vén ofertando a Facultade de Filoloxía para este título. O alumnado procede na súa maioria do Bacharelato, cunha nota media mínima de 7,717. Desde o punto de vista xeográfico, o estudiantado procede da Comunidade Autónoma de Galicia. O número de estudiantes matriculados en 2016-17, segundo os indicadores, incluíndo o alumnado de todos os cursos nos que se imparte o título, e sen considerar os estudiantes *incoming* de mobilidade, aumentou bastante no último ano: 289 en 2015-16 e 309 en 2016-17 (IN02G-PC-05). Aínda que, en comparación co curso 2015-16, a nota media do alumnado baixou lixeiramente (IN06G-PC-05), podemos afirmar que o perfil de ingreso do alumnado mantense estable.

Resulta interesante observar, por outra parte, un notable aumento do estudiantado estranxeiro matriculado, o cal subiu, conforme os indicadores, dun 1,73% do curso anterior a un 3,24% en 2016-2017 (IN08G-PC-05).

Tal feito, xunto cos datos relativos á captación do alumnado, pon de manifesto un panorama positivo para o título, xa que incrementou tanto o número de estudiantes inscritos no título como primeira opción, como a taxa de ocupación con relación ao curso anterior (IN12G-PC-05 e IN10G-PC-05). Igualmente, cabe dicir que a acollida e participación ascendente de estudiantes estranxeiros na nosa graduación tamén vén pondo, sen dúbida, de manifesto a atracción que esperta perante estudiantes doutros países europeos (e, en menor medida, extraeuropeos), motivados especialmente polas experiencias satisfactorias dos estudiantes de intercambio que os precederon.

Igualmente, considerando os datos das enquisas que o Decanato proporcionou ao alumnado durante o acto de benvida á Facultade de Filoloxía, obsérvase que a maior parte dos alumnos procede de centros públicos, destacando especialmente no caso do título do GLLM a presenza de alumnos procedentes de centros de educación secundaria plurilingües, o que potencialmente representa un bo perfil de ingreso (informe 2016-2017 sobre o cuestionario Acto de Benvida).

. Como todos os anos, a Biblioteca organizou un curso a través da Aula Virtual de Competencias Informacionais, nivel básico, para todos os alumnos de primeiro curso dos títulos de grao da Facultade de Filoloxía. O curso, denominado CINFO básico FILOOXÍA, celebrouse entre o 16/10/2017 e o 19/11/2017, e obtivo os seguintes resultados:

ALUMNOS DECLARADOS APTOS	94
NON APTOS	25

Desde a biblioteca ofrecéronse cursos sobre competencias informacionais de nivel avanzado, que constitúen un punto de apoio metodolóxico fundamental para os alumnos en fase de elaboración dos seus traballos de fin de grao. Do mesmo modo, durante o ano 2016-2017, na área de Filoloxía Alemá levouse a cabo un taller de humanidades dixitais e edición dixital, para o que se contou co apoio da Axencia Estatal de investigación (AEI, do Ministerio de Economía, Industria e Competitividade; da Xunta de Galicia; e da Vicerreitoría de Investigación e Innovación da nosa Universidade. Estes cursos tamén veñen, naturalmente, ratificar o cumprimento da acción de mellora AM-04 e contribúen a demostrar, sen dúbida, a incorporación e produtiva operatividade da aula virtual nos seus múltiples usos, especialmente no relativo á formación do alumnado, á interacción profesorado-alumnado e á coordinación en varios niveis.

### 1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudiante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As diferentes normativas, tanto as xerais da USC, como as particulares da Facultade de Filoloxía, aplicáronse de forma axeitada durante o curso 2016-17 e tiveron un impacto positivo nos resultados do título.

A continuación, enuméranse as normas aprobadas durante o curso 2016-17, que se engaden ás xa recollidas nos IRA, e que son de aplicación no curso 2017-18:

(i) **Normativa do Traballo de Fin de Grao** das titulacións de Grao en Filoloxía Clásica, Grao en Lingua e Literatura Españolas, Grao en Lingua e Literatura Galegas, Grao en Lingua e Literatura Inglesas e Grao en Linguas e Linguas e Literaturas Modernas da Universidade de Santiago de Compostela ([http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/filoloxia/graos/TFG/arquivos/TFG/Regulamento\\_TFG\\_Filoloxa.pdf](http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/filoloxia/graos/TFG/arquivos/TFG/Regulamento_TFG_Filoloxa.pdf)).

Aprobada pola Xunta de Facultade na súa sesión de 10 de xullo de 2017 e pola Comisión de Títulos de Grao na súa sesión do 19 de xuño de 2017, previo informe positivo das comisións de grao en Filoloxía Clásica, Lingua e Literatura Españolas, Lingua e Literatura Galegas, Lingua e Literatura Inglesas e Linguas e Literaturas Modernas. Aprobada posteriormente polo Consello de Goberno de 18 de xullo de 2017.

(ii) **Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado na Universidade de Santiago de Compostela**, aprobado polo Consello de Goberno o 28 de xullo de 2017 ([http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/sxopra/descargas/2017\\_Normativa\\_Grao\\_Master\\_USC\\_28\\_xullo\\_Aprobado.pdf](http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/sxopra/descargas/2017_Normativa_Grao_Master_USC_28_xullo_Aprobado.pdf)).

Este texto ten por obxecto regular a organización dos estudos de grao e de mestrado universitario e recolle nun único documento toda a normativa existente ao respecto. O regulamento inclúe información sobre os seguintes aspectos: órganos académicos das titulacións de grao e mestrado, composición e competencias das comisións de título, procedemento e criterios para a presentación de novas propostas de titulacións de grao e mestrado e de modificacións das existentes etc.

(iii) **Acordo do Consello de Goberno sobre o recoñecemento de estudos realizados en réxime de intercambio** (<https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/15358>), aprobado polo Consello de Goberno o 3 de marzo de 2017.

O acordo establece o sistema de equivalencias de cualificacións para estudos cursados consonte a sistemas educativos estranxeiros,

incluíndo o recoñecemento da mención de Matrícula de Honra, o recoñecemento singular de cualificacións etc.

(iv) Instrucción 1/2017 da Secretaría Xeral sobre a dispensa de asistencia a clase en determinadas circunstancias, de 27 de abril de 2017 (<http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/gobierno/secxeral/Instrucion-I-2017-sobre-a-dispensa-de-asistencia-a-clase-en-determinadas-circunstancias.pdf>).

Esta instrucción recolle o procedemento para a solicitude de dispensa, as causas que poden motivar a súa solicitude, os criterios a ter en conta para conceder/denegar a devandita solicitude etc.

(v) Resolución pola que se publica a modificación da Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudiantes e de revisión de cualificacións, aprobada polo Consello de Goberno o 5 de abril de 2017 (<http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/normativa/descargas/documentos/Resolucion-do-5-de-abril-de-2017-pola-que-se-publica-a-modificacion-da-Normativa-de-avaliacion-do-rendemento-academico.pdf>).

Esta Resolución modifica a *Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudiantes e de revisión de cualificacións da Universidade de Santiago de Compostela* (Consello de Goberno de 15 de xuño de 2011). A modificación afecta aos artigos referidos aos procedementos de avaliación extraordinaria:

Artigo 10. Actuación de oficio da Comisión de Oferta Docente e Innovación Educativa delegada do Consello de Goberno.

Artigo 11. Apoio titorial extraordinario.

Artigo 12. Avaliación por un tribunal.

(vi) Resolución Reitoral do 11 de outubro de 2016 pola que se establece o procedemento para a solicitude, tramitación e difusión de actividades reconocibles como competencias transversais nas titulacións de grao (<https://minerva.usc.es/xmlui/bitstream/handle/10347/14919/XA1204.pdf?sequence=4&isAllowed=y>).

A Resolución articula o procedemento para a tramitación das propostas recollidas no Acordo do Consello de Goberno de 2 de xullo de 2016 sobre recoñecemento de créditos nos estudos de grao ao abeiro do artigo 12.8 do Real Decreto 1393/2007, así como a resolución das mesmas e a xestión dos recoñecementos nos expedientes dos estudiantes.

## DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

### CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está disponible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudiantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- Públícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como complemento á información incluída no IRA, no mes de decembro de 2017, a USC modificou a apariencia da páxina web institucional. Esta modificación, ademais de corrixir algúns erros e engadir funcionalidades, posibilita que a web se poida visualizar moito mellor en dispositivos móbiles, de uso moi estendido entre o estudiantado.

Tamén é importante ter en conta que a proxección pública do título foi reforzada pola presenza da Facultade de Filoloxía no Twitter, unha

plataforma que dá proxección ás actividades do título, como foi o propósito das súas accións de mellora (vid. tarefa 2 da AM2.1\_I do IRA). Ademais, o GLLM ten presenza particular na rede, cumprindo así unha das accións de mellora, pois foi creada unha páxina do título en Facebook (<https://www.facebook.com/gllm.usc?ref=jewel>). Do mesmo xeito, a mención en Filoloxía Románica optimizou o aproveitamento da páxina web da súa área para enlaces e informacíons directamente relacionados co GLLM, sexa sobre a súa mención específica, sexa sobre as outras que configuran o título a partir de temáticas relacionadas. Esta acción de mellora foi executada en xullo de 2017 (AM-001-04).

Tendo en conta as opinións sobre a forma de divulgación das distintas informacíons sobre o título, as opinións móstranse diverxentes en certa medida. Por exemplo, o alumnado que realizou o seu TFG refirese a obstáculos virtuais para acceder ao tipo de información desexada, demandando, en xeral, un deseño de web da USC máis intuitiva e, nalgún caso, apúntase unha dificuldade de acceso a documentos específicos. Perante ambas circunstancias, é necesaria unha intervención de ámbito institucional, en lugar de accións de mellora do título en concreto. A verdade é que a última modificación que afecta ao deseño da páxina web da nosa Universidade parece, en efecto, ir nesa dirección de melloras a propósito da facilitación do acceso á información. De todas formas, aínda considerando as observacións expostas, deparamos cunha lixeira subida da valoración, pois a clasificación pasou de 3,79 en 2015/16 para 3,89 en 2016/17 (IN33G-PS-03).

## DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

### CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidad formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidad (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

**3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propor accións de mellora, realizando o seu seguimento.**

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisiones e a mellora da calidad do título, desenvolvéronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidad da ensinanza eo profesorado desenvolveuse de acuerdo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acuerdo ao establecido.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Nos IRA (vid. acta da CCC de 30 de xaneiro de 2017) explicábase de maneira detallada cales eran os mecanismos empregados para recoller a información, analizala, detectar debilidades e propor accións de mellora, realizando un seguimento das mesmas. Durante o curso 2016-17 todos estes mecanismos e procedementos se seguiron e desenvolveron segundo o establecido. Tal e como estipula o SGIC, as comisións de cada un dos títulos, a Comisión de Títulos de Grao e a Comisión de Calidade do Centro levaron a cabo o seguimento do desenvolvemento e mellora do título (vid. actas correspondentes). A composición de todas as comisións mencionadas é accesible a través da web e foise actualizando puntualmente: <http://www.usc.gal/ql/centros/filoloxia/calidade/index.html>.

Desde a Facultade complementouse a información recibida desde a ACMP, especialmente no que atinxer á satisfacción dos grupos de interese, e realizarónse dúas enquisas:

- (1) Análise do perfil de ingreso e dos procedementos para a captación de alumnado: no Plan de Melloras da Memoria de Calidade 2015-16 da Facultade de Filoloxía (AM-6) incluíase unha acción para a revisión e mellora desta enquisa, eliminando algúns solapamentos e enchendo algunas lagoas detectadas. A mellora efectuouse en setembro de 2017 e a nova enquisa xa foi cuberta polos estudantes de novo ingreso do curso 2017-2018 na sesión de benvida (o modelo da nova enquisa pode verse en E3, 2501098\_modelo\_enquisas\_1).
- (2) Análise do proceso de elaboración e defensa do TFG: no curso 2016-17 levouse a cabo unha modificación na enquisa realizada a petición da Comisión do Grao en Lingua e Literatura Inglesas (AM-4 do IRA do Grao en Lingua e Literatura Inglesas) co fin de incluir preguntas que permitisen obter información sobre a escolla das modalidades cursadas (vid. a enquisa en E26, 2501098\_enquisas\_TFG).

En relación coas enquisas de satisfacción que se distribúen desde a ACMP, cómpre lembrar que a Facultade sempre procura contribuír a un aumento na participación a través de anuncios coa información sobre o proceso de avaliación en marcha e as datas en que se poden cubrir as enquisas: na pantalla informativa do vestíbulo, con letreiros en lugares visibles e tamén a través da lista de distribución de correo electrónico do profesorado, onde se anima a todo o PDI a que lembre nas clases a importancia de participar.

A porcentaxe de participación nas enquisas no curso 2016-17 foi dun 37,91%, lixeiramente superior á do curso anterior (37,23%), sendo a valoración media global de 3,89 (idéntica á do curso anterior).

Con respecto á participación do profesorado nas enquisas de satisfacción da docencia impartida, esta foi dun sat,03%, o que supón un aumento con relación ao curso anterior 2015-16 (40,82%). Así mesmo, tamén aumentou a valoración media ata un 3,85 (no curso anterior fora dun 3,79).

Tamén aumentou a participación nas enquisas de satisfacción dos estudiantes de mobilidade saínte (INF.04) ata un 70%, case que triplicando a do curso anterior (26,92%). Aínda que as taxas de participación son baixas, valoramos moi positivamente o aumento.

Os procedementos de avaliación, elaboración e aprobación das programacións docentes e de queixas e reclamacións desenvolvérónse consonte o establecido no SGIC e as normas correspondentes. Todas estas normas e procedementos están recollidos nos IRA.

### **3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.**

Aspectos a valorar:

- As accións de análisee revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A Memoria de Calidade do curso 2016-17 elaborarase ao longo do mes de abril e prevese a súa conclusión e aprobación en maio de 2018 segundo o calendario de Calidade remitido pola ACMP (data límite 21 de maio de 2018). A Memoria de Calidade do curso 2015-16 foi elaborada pola CCC e aprobouse na súa sesión do 7 de marzo de 2017, para o seu envío e posterior aprobación definitiva na Xunta de Facultade de 7 de marzo de 2017. Tanto as Memorias de Calidade do Centro como os Informes de Seguimento dos distintos títulos son públicos e accesibles en <http://www.usc.gal/gl/centros/filoloxia/calidade/index.html>, de xeito que todos os grupos de interese poidan acceder a esta documentación e contribuír á reflexión.

No curso 2016-17 tivo lugar o proceso de renovación da acreditación para os cinco graos do centro, os dous mestrados interuniversitarios (iMAES e MILA) e o Máster en Estudos da Literatura e da Cultura. O Máster en Estudios Medievais Europeos. Imaxes, Textos e Contextos xa realizara o proceso de renovación da acreditación, no que obtivo un informe favorable, en xuño de 2015 ([http://www.usc.es/filrom/wpcontent/uploads/2014/09/ren\\_acr.pdf](http://www.usc.es/filrom/wpcontent/uploads/2014/09/ren_acr.pdf)), de xeito que no curso 2016-17 só se someteu ao seguimento anual. Os dous Máster Mundus da Facultade non se teñen que acreditar, pois seguen un proceso de aprobación e seguimento diferente. No que se refire ao proceso de renovación da acreditación, as tarefas de análise, reflexión e elaboración dos autoinformes desenvolvérónse entre novembro de 2016 e xaneiro de 2017 e nel participaron as comisións de todos os títulos da Facultade, coordinados a través da Comisión de Calidade do Centro (vid. actas da CCC de 29/11/2016 e 22/12/2016). Os autoinformes foron aprobados o 30 de xaneiro de 2017, en primeira instancia na CCC e posteriormente na Xunta de Facultade. Os Informes Provisionais de Renovación da Acreditación, emitidos pola ACSUG (con data de 2 de xuño de 2017 os correspondentes aos graos e de 9 de xuño de 2017 os dos mestrados), incluíán unha valoración provisoria de cada un dos criterios avaliados e, eventualmente, aspectos que debían ser obxecto de elaboración dun plan de melloras e/ou recomendacións para a mellora en cada un dos citados criterios. Aqueles aspectos que se sinalaba que debían ser obxecto de elaboración dun plan de melloras eran de obrigado cumprimento, mais a CCC acordou tamén tomar en consideración as recomendacións sempre que fose posible e que non fosen obxecto dalgúnha alegación. Na sesión do 26 de xuño de 2017, a CCC aprobou as alegacións e plan de melloras de todos os títulos de grao e mestrado. Os informes definitivos recibíronse con data de 28 de xullo de 2017 e todos os títulos sometidos ao proceso de renovación da acreditación obtiveron o informe favorable.

Os resultados obtidos polo GLLM neste proceso de renovación foron positivos, como mostra a renovación do título. Non obstante, propuxérónse unha serie de accións de mellora, unha gran parte das cales xa se executaron ou se atopan en período de execución. Un exemplo diso son as seguintes accións:

1. A comisión considerou a necesidade de revisar as guías docentes e a súa programación, un seguimento que foi reforzado pola Comisión de Título GLLM. (AM-01)
2. Así mesmo, recoméndase a introdución dunha modificación no título para incluir a conversión de Itinerarios en Mencións. Esta

modificación foi aprobada pola Xunta de Facultade o 8 de maio de 2017, actualmente seguindo o seu curso legal. (AM-01)

3. Tamén se fixo referencia á mellora das prácticas externas, tanto na súa promoción como no seu número, que xa está a ser realizada pola Comisión de Prácticas Externas (AM-02 e AM-03).

4. Do mesmo xeito, era necesario un uso máis intenso das plataformas virtuais, plataformas nas que o título xa está presente, tal e como o demostran a aula virtual de coordinación da titulación e o grupo de correo electrónico no que se integran os/as coordinadores/as das diferentes mencións. (AM-04)

5. Recoméndase racionalizar a actividade da comisión segundo un calendario, unha acción que se está a levar a cabo (AM 03) tal e como acreditan as actas das distintas reunións da comisión xa realizadas (4.11.2016, 28.10.2016, 06.23.2016, 07.13.017).

6. Tamén se suscitou a necesidade de ter un control dos titulados, que xa se implementou, incluíndo os estudantes que se graduan e así o desexan nunha base de datos. As enquisas de avaliación dos TFG son o medio polo que se fixo isto (AM 12).

### **3.3.- O SGC implantado revisase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establecense as melloras oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Non se realizaron modificacións do SGIC, porque se está á espera de que se complete o proceso de actualización e modificación do Regulamento de Réxime Interno da Facultade. Actualmente, a Comisión Redactora (aprobada na Xunta de Facultade de 30 de maio de 2017) está desenvolvendo os traballos de revisión, actualización e mellora do devandito documento e a previsión é que estes labores estean rematados antes da finalización do curso 2017-18.

## **DIMENSIÓN 2. RECURSOS**

### **CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:**

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título eo número de estudiantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

### **4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente ea súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudiantes.**

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grado, a prácticas externas e asociado ao Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudiantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

## Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Tal e como se pode comprobar no E15\_2016-2017, os 44 profesores que imparten docencia no GLLM posúen unha rica experiencia investigadora e docente cun total de 77 sexenios de investigación (media de 1,75 por profesor) e de 148 quinquenios (media de 3,4 por docente) no curso 2016-17. Dos membros do PDI, 36 son doutores (81,82%). O 65,91% son funcionarios (15,91% catedráticos e 50% Profesores Titulares).

Dado que, a través dos diferentes módulos complementarios, optativos e de formación básica, a gran maioría do profesorado da Facultade pode ser docente de alumnado do GLLM, ofrecemos tamén información sobre o conxunto de profesores do Centro: de acordo co IN25, o 88,4% do PDI da Facultade é doutor, sendo patente a evolución nos últimos cursos, pois no 2009-10 a porcentaxe era do 64,29% (a media da USC para o curso 2016-17 é de 86,4%, segundo se recolle en 2501098\_MedUSC\_2016-2017). Por outro lado, segundo se indica en IN26, o 71,4% dese PDI é funcionario (a media da USC é do 64,8%), e tamén se aprecia o proceso de consolidación que tivo lugar nos últimos anos (partimos dun 46,43% no 2009-10). En relación coa investigación, o 89,6% dos docentes ten cando menos un sexenio no curso 2016-17 (IN24), sendo a media da USC do 82,3%. O avance a este respecto, que se produce ano tras ano, é notorio, posto que no curso 2009-10 a porcentaxe de docentes con sexenios era do 44,64%. En todos os casos (doutores, funcionarios e sexenios) prodúcese un lixeiro incremento con respecto ao curso 2015-16.

Aínda que nos últimos anos o número de docentes se reduciu, debido a baixas por xubilación e/ou falecemento que non foron cubertas, sobre todo nas mencións de Lingua e Literatura Italianas e Lingua e Literatura Francesas, o persoal actual é suficiente para cubrir as necesidades docentes.

Para a asignación de docencia entre o profesorado do GLLM tívose en conta no curso 2016-17, como nos anteriores, a correspondencia entre o perfil investigador do profesor e os contidos da materia, tal e como se pode comprobar cotexando os perfís disponíveis en <http://www.usc.es/gl/centros/filoloxia/profesorado/PDI/> coa asignación de docencia realizada.

Con respecto á formación do profesorado, segundo se desprende de 5040\_I6-I7\_2016-2017, a porcentaxe de PDI do GLLM que participou nos plans de formación da USC (dun e outro tipo) foi do 23,74% no curso 2016-17, unha porcentaxe inferior á do curso anterior (28,97%), pero superior á media de participación do profesorado dos diferentes títulos impartidos na Facultade, que se sitúa no 20,2%. Por outro lado, na Facultade organizouse un curso específico para o manexo do laboratorio de idiomas (25/01/2017) (vid. tarefa 1 da AM 4.1\_I).

No referente aos TFG, no curso 2016-17, defendéronse 35 Traballos, tutorizados por 17 profesores do GLLM (agás na Mención de Filoloxía Románica na que non se defendeu ningún). Na mención de Lingua e Literatura Alemás foron presentados 16 TFG, dirixidos por 6 profesores, na de Lingua e Literatura Francesas, 14 TFG, dirixidos por 6 profesores da área más 2 profesores de área transversal (Teoría da Literatura), 2 TFG da mención en Lingua e Literatura Italianas, dirixidos por 2 profesores, e 3 TFG da mención en Lingua Portuguesa e Literaturas Lusófonas, dirixidos por cadanxeu profesor.

A continuación, e de forma complementaria ao que levamos exposto ata este momento, debemos facer constar aquí algúns datos xerais sobre a actividade do profesorado da Facultade de Filoloxía durante o curso 2016-17, información que consideramos de relevancia, dado que os docentes do GLLM participan tamén na oferta lectiva doutros graos, por exemplo, na modadlidade de menor:

**(i) Mobilidade do profesorado:** Ao longo do curso 2016-2017 tiveron lugar unhas 426 accións de mobilidade do PDI do centro (na mesma liña dos cursos anteriores: 2014-2015: 425; 2015-2016: 430):

- (a) Investigación: a maior parte das accións realizadas gardan relación coa formación e coa investigación: asistencia a congresos, estadías de investigación etc.; 374 accións (88% aprox. do total).
- (b) Docencia noutras universidades: 1 acción.
- (c) Asistencia a reunións de organismos de avaliación, tribunais de teses de doutoramento etc.; arredor de 51 accións.

**(ii) Profesores/investigadores visitantes:** durante o curso 2016-2017, a Facultade acolleu a un total de 16 profesores/investigadores visitantes, procedentes de universidades de Alemaña, Brasil, Irlanda, Italia, Polonia e Suíza, así como doutras universidades españolas (A Coruña, Granada, Murcia, Valencia e Vigo). Estes profesores desenvolveron actividades de investigación e docencia no noso centro. A maior parte destes investigadores (9 de 16) realizaron estadías superiores a un mes de duración.

**(iii) Actividades de difusión da actividade investigadora celebradas na Facultade:** durante o curso 2016-2017 celebráronse na Facultade un total de 68eventos, que inclúen congresos e simposios (varios deles de carácter internacional e coa participación de numerosos investigadores estranxeiros), seminarios, conferencias, cursos e xornadas, algúns deles deseñados como actividades formativas para estudiantes de grao e posgrao e outros dirixidos á formación continua do profesorado e do persoal investigador en formación.

**(iv) Incorporación de persoal investigador en formación:** durante o curso 2016-2017 a Facultade incorporou ao seu persoal en formación 11 novos contratados predoutorais a través dos diferentes programas de captación en convocatorias competitivas nacionais (FPU, FPI) e autonómicas (Axudas de apoio á etapa predoutoral do Plan Galego). A cifra total de persoal deste tipo adscrito ao centro durante o curso 2016-2017 é de 34.

**4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente ea súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.**

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudiantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido eé acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O cadre de persoal de administración e servizos é suficiente para atender as necesidades fundamentais do centro. Non sufriu ningún cambio durante o curso 2016-17. En todo caso, a Facultade reitera a necesidade dun/dunha técnico informático/a que se encargue do mantemento do equipamento técnico, fundamentalmente informático e audiovisual, de apoio á docencia instalado nas aulas, seminarios, aulas de informática, salas de videoconferencia e laboratorios de idiomas, así como apoio técnico para a incorporación de novas tecnoloxías a usos docentes.

No que se refire aos resultados das enquisas de satisfacción, a participación descendeu moderadamente (do 64% do curso 2015-16 ao 57,7% do curso 2016-17). Polo que atinxe á satisfacción co "Posto de traballo", as valoracións mantéñense praticamente iguais en todos os ítems ou mesmo ascenden lixeiramente en "Síntome parte dun equipo de traballo". A satisfacción coa "Dirección da unidade", a "Comunicación", os "Espazos e recursos", a "Formación" e "Satisfacción global" mantéñense moi próximos dos valores alcanzados no curso anterior e, en xeral, próximos da media xeral da USC. Se cadra os resultados que presentan unha baixada da puntuación más acusada son os que teñen que ver coa "Implicación na mellora", pero haberá que esperar aos resultados vindeiros para constatar se se trata dunha baixada puntual (que, en calquera caso, non chega ao medio punto) ou se se confirma unha tendencia descendente.

Polo que se refire á participación do PAS en actividades formativas, cómpre sinalar que as tres persoas máis directamente implicadas nas cuestións de Calidade realizaron o curso "Manexo da aplicación de axuda ao sistema de xestión (AASX)", dando así cumprimento a unha das tarefas incluídas na AM-9 do Plan de Melloras da Memoria de Calidade 2015-16.

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudiantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar seos recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudiantes son os adecuados ás necesidades do título.

**5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudiantes eo profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición eás competencias que deben alcanzar os estudiantes.**

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á disponibilidade de aulas, salas de estudio, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudiantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á disponibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistencias e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento das polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudiantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudiante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudiante oriéntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analizase e revisase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudiantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Ofrécense a continuación datos referidos ás actuacións e melloras correspondentes ao curso 2016-17, que complementan ou actualizan a información recollida no IRA do curso pasado (espazos, biblioteca, melloras nos equipamentos e infraestruturas docentes, campus virtual, accesibilidade e prevención de riscos e servizos de orientación e atención ao estudiantado).

**(i) Biblioteca:** Os datos correspondentes os anos 2016 e 2017 (segundo a información proporcionada pola dirección da Biblioteca da Facultade) son os seguintes:

Ano 2016:

Títulos monografías ingresadas: 2.306

Títulos publicacións periódicas ingresadas: 398

Total volumes monografías a 31/12/2016: 198.372

Documentos catalogados en 2016 (monografías, p. periódicas, analíticas...): 3.764

Volumes prestados no centro: 53.998

Ano 2017:

Títulos de monografías ingresadas en 2017: 2.083

Total títulos de monografías en papel a 31/12/2017: 161.349

Total de volumes de monografías en papel a 31/12/2017: 200.259

Total títulos de publicacións periódicas en papel: 2.731

Títulos de publicacións periódicas en papel en curso de recepción: 417

Títulos de publicacións periódicas ingresadas: 398

Total documentos catalogados en 2017: 3.606 (1.804 monografías, 8 publicacións periódicas, 1.794 analíticas de monografías e de publicacións periódicas)

**(ii) Melloras no equipamento e infraestruturas:**

Durante o curso 2016-17 continuouse coa política que vén desenvolvendo a Facultade nos últimos anos de mellora constante das súas infraestruturas e do seu equipamento para a docencia. As melloras más significativas do curso obxecto de informe son as seguintes:

- Renovación de equipamento informático: ordenadores e canóns en aulas e seminarios de docencia; sistema de amplificación de aulas; novos sistemas de proxección para o Salón de Graos e o Salón de Actos; substitución dos auriculares da aula de informática de docencia (D02).
- Acondicionamento dos espazos docentes: eliminación dos armarios nas aulas pequenas; vernizado das tarimas e pintura das portas das aulas; instalación de enchufes nas dúas primeiras bancadas das aulas e nos seminarios.
- Adquisición de mobiliario: bancadas corredores; cadeiras despachos.
- Mellora dos fondos bibliográficos da biblioteca da Facultade (6.000€ do orzamento descentralizado do ano 2017).

**(iii) Servizos propios da Facultade de Filoloxía de orientación e atención ao estudiantado:**

Durante o curso 2016-17, a Facultade aprobou un **Plan de Acción Titorial (PAT)**, que formalizou así a política activa de orientación e atención ao estudiantado que viña desenvolvendo dende hai anos por medio de accións a distintos niveis e que constituían, na práctica, un Plan de Acción Titorial. O deseño e posta en marcha do PAT foi acordada pola CCC na súa reunión de 29/11/2016 (Acción de Mellora nº 3 da Memoria de Calidade do Centro do curso 2015-16; data de finalización prevista: 31/07/2017). O PAT foi aprobado pola CCC o 07/03/2017 e posteriormente pola Xunta de Facultade o 07/03/2017.

**(iv) Encontros na USC 2016-17:**

Os días 7, 8 e 9 febreiro de 2017 celebráronse os Encontros da USC no Campus de Santiago de Compostela, nos que participaron un total de 4.140 estudiantes de 70 centros de ensino secundario de toda Galicia. Con esta iniciativa os estudiantes de ensino medio poden recibir información sobre os estudos nos que están máis interesados (contidos, saídas profesionais etc.) e visitar o centro onde queren estudar.

Visitaron a Facultade de Filoloxía un total de 335 estudiantes, que foron recibidos polos responsables do centro, os coordinadores dos títulos de grao e mencións, ademais da alumna titora.

**(v) Distribución de material impreso sobre a oferta académica da Facultade** (trípticos e marcapáginas) en todos os centros de ensino secundario, públicos e privados, de Galicia (primeira semana de maio de 2017).

**(vi) Elaboración de roll-ups dos seis mestrazos que oferta a Facultade.**

**(vii) Actividades de acollida e orientación a estudiantes propios:**

**(vii.1)** Sesión de benvida aos **estudiantes de novo ingreso** (12/09/2016).

**(vii.2)** Xornada informativa sobre a **oferta de módulos complementarios e optativos** para o seguinte curso dirixida a estudiantes de primeiro e segundo cursos (24/04/2017).

**(vii.3)** Sesión informativa sobre o **TFG** para estudiantes de cuarto curso (14/09/2016).

**(vii.4)** Sesións informativas sobre as convocatorias de **programas de mobilidade** de estudiantes (en colaboración co persoal do Servizo de Relacións Exteriores da USC) e sobre o procedemento de asignación de prazas do programa Erasmus, dirixidas a estudiantes de segundo e terceiro cursos (30/11/2016 e 14/12/2016).

(vii.5) Xornada informativa sobre a **oferta de estudos de mestrado** da Facultade para o seguinte ano dirixida a estudiantes de cuarto curso (24/04/2017).

(vii.6) Sesión informativa sobre o programa de **prácticas externas** para os estudiantes dos títulos de grao da Facultade (15/09/2016).

**(viii) Actividades de acollida e orientación a estudiantes alleos:**

Actos de recepción dos estudiantes procedentes da República Popular de China ao inicio de cada cuatrimestre (VR de Internacionalización e membros do equipo decanal) (14/09/2016 e 01/02/2017).

**(ix) Orientación profesional:**

Xornadas sobre perspectivas laborais do alemán (25/04/2017).

### DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

#### **CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:**

**Estándar:** Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso ecorrespóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudiantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

#### **6.1.- Os estudiantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.**

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Os obxectivos da aprendizaxe relativos a actividades académicas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación e cualificación nas diferentes materias do título seguen correspondéndose co que se estipulaba no IRA, co cal remetemos a ese informe no caso de desexar obter una maior información nese sentido.

En relación ao nivel de satisfacción cos resultados da aprendizaxe alcanzada, faise necesario consultar as enquisas aos alumnos sobre o grao de satisfacción da docencia recibida. Un grupo especialmente relevante pola súa experiencia no ámbito da aplicación práctica da súa formación é o dos egresados, os cales valoraron mellor a formación recibida en comparación a anos anteriores. Os indicadores do curso 2016-17 poñen de manifesto un aumento da satisfacción xeral dos egresados co título, pois sobre un máximo de 5 encontramos os seguintes resultados: 2014-15, 3,09; 2015-16, 3,16; e, finalmente, 2016-17, 3,23 puntos (IN42G-S01-PM-01).

Por unha banda, a valoración da docencia por parte do alumnado matriculado mantense en 2016-17 nas mesmas cifras do curso anterior, 3,89 puntos sobre un total de 5 (IN46G-S01-PM-01). Se ben estes datos son coincidentes, cómpre ter en conta un factor importante: que o índice de participación do alumnado nas enquisas é maior que no curso 2016-17, - un 0,7 por riba -, o cal nos permite concluír que nos encontramos perante un alumnado máis motivado para valorar a docencia que recibe e tamén máis satisfeito con ela (IN48G-PM-02).

Por outra banda, completando tal tendencia en aumento a propósito da valoración da docencia, detectamos un certo crecemento na valoración da docencia impartida polo profesorado (IN47G-S01-PM-01), que é tamén superior á do curso inmediatamente anterior: 3,77 en 2015-16 e 3,83 en 2016-17.

As últimas enquisas que se realizaron na Facultade de Filoloxía aos alumnos que defenderon o seu Traballo Fin de Grao (E26,

2501098\_enquisas TFG) permiten, do mesmo xeito, observar un maior grao de satisfacción coa formación recibida. Neste sentido, contamos con 11 enquisas, unha delas sen cubrir e as restantes repartidas da seguinte maneira:

- Lingua e Literatura Alemás (6)
- Lingua e Literatura Italianas (2)
- Lingua Portuguesa e Literaturas Lusófonas (2).

Estas fontes de información recolléronse nas oportunidades dos meses de xullo e setembro. En todos os casos, o alumnado expresa unha correcta dedicación en tempo ao traballo e nun 31% considérase importante a realización de actividades formativas para a presentación formal. Ademais, cabe sinalar que un 19% cre necesario aprofundar nas técnicas de presentación oral e xestión bibliográfica, mentres que un 16%, un 9% e un 3%, respectivamente, nos exercicios de redacción de documentos, acceso a bases de datos e uso de softwares específicos.

Convén indicar, igualmente, que as valoracións do alumnado sobre o seu grao de satisfacción cos TFG mostran unha puntuación por debaixo da media do centro, conforme as enquisas. Este fenómeno será valorado no apartado 7.2. Así, por exemplo, se sobre unha puntuación de 5, a media do centro se sitúa entre o 4 e o 4,20, no caso dos traballos correspondentes ao GLLM a media sitúase en torno a un valor de 3. Quizais este fenómeno podería explicarse polo feito de que a maior parte dos traballos presentados pertencen á mención en Lingua e Literatura Alemás, especialmente lastrado por causa de que os alumnos deben de escribir obligatoriamente os seus traballos en lingua alemá, tendo iniciado os seus estudos de grao sen coñecementos lingüísticos previos, alén dunha intrínseca maior dificultade deste idioma para os falantes do espazo románico. Un 73% do alumnado mostra, por outro lado, a súa satisfacción pola dedicación prestada polos seus titulares, tanto presencialmente como a través do correo electrónico. Á marxe de tales circunstancias, a valoración do alumnado co seu TFG, en termos xerais, atinxe a cifra de 4,11 sobre 5.

### DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

#### **CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDIMENTO:**

**Estándar:** Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súacontorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

##### **7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.**

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Indicadores de demanda

No curso 2016-17 produciuse un aumento nas cifras de matrícula do GLLM. Tal como apuntabamos na páxina 4, dos 77 alumnos do curso 2015/16 pasouse aos 76 alumnos o curso 2016/17 chegando aos 79 estudiantes no curso 2017/18 (IN03G-PC-05.). Tal como subliñamos no IRA, o interese académico e profesional que xustifica a pertinencia do título na memoria continúa plenamente en vigor.

De feito, un bo indicador da demanda do GLLM é que a taxa da matrícula, desde o inicio da súa implantación ata o momento actual, que, mesmo tendo en conta unicamente os alumnos que se matriculan por primeira vez, remítenos a elevadísimas cifras por curso, sobre un total de 75 prazas ofertadas (IN01G-PC-05).

A porcentaxe de ocupación chega, de feito, a superar o 100% da oferta establecida (79 estudiantes de novo ingreso), bastantes puntos por encima da media alcanzada na USC.

## Indicadores de resultados

Baixo este epígrafe trataremos os indicadores de resultados que non foron abordados en 6.1.

### Taxa de abandono en 1º curso

A taxa de abandono durante o curso 2016-17 (IN40G-S01-PM-01) foi dun 30,16%, aumentando en 7 puntos sobre a taxa de abandono no curso 2015-16 (23.53%). Ante uns resultados desta natureza, viñéronse formulando accións de mellora nos últimos informes de seguimento e no IRA, que ainda están sendo sometidos a reaxustes de formulación. O noso obxectivo é elaborar unha diagnose a través da identificación das causas do abandono, obtendo información tanto dos alumnos coma do estudo comparativo das porcentaxes relativas a outros títulos -da nosa ou doutras ramas de coñecemento- da USC e doutras universidades.

Para recadar datos directos dos estudiantes que abandonaron o GLLM estamos analizando as estratexias necesarias para identificar as causas do abandono, comparando resultados de enquisas realizadas no primeiro curso con resultados doutras enquisas do segundo e terceiro cursos, sobre casos de abandono que os alumnos coñecen.

### Taxa de abandono RD1393

A taxa de abandono RD1393 (IN41-S01-PM-01) para o curso 2016-17 corresponde á promoción de ingreso do curso 2012-13, cun 50%, cifra que as estratexias anteriormente citadas poderán contribuír a diminuír.

### Taxa de graduación e taxa de idoneidade na graduación

Nunha comparativa da taxa de graduación do noso título coa media da USC, obtida como a porcentaxe de alumnos que finalizan os seus estudos no tempo previsto no plan de estudos ou un ano académico máis en relación á súa cohorte de entrada, debemos recoñecer que se observa unha diferenza considerable. As cifras son fluctuantes, entre o 16,67% de 2016-17, o 23,44% de 2015-16 e o 19,15% do curso 2014-15. Isto é debido, en grande parte, ao feito de que os alumnos do GLLM manteñen simultaneamente o estudo de dúas mencións ou mesmo de dous graos, de xeito que precisan unha maior marxe de tempo para finalizar os seus estudos (a verdade é que este respecto non podemos introducir aquí ninguna evidencia propiamente dita, mais, de calquera modo, cabe asinalar que os profesores coñecen habitualmente as intencións de alumnos que son atendidos en titorías).

Como é obvio, estes datos non son positivos (a media da USC é de 56,83 [2501098\_MedUSC\_2016-2017]), dado que a taxa de graduación se ve prexudicada polo nivel de abandono (lembremos que a taxa de abandono en primeiro curso para 2012-13 foi do 27,66%) , como se recollía no IRA, pola carga de traballo no último semestre de estudio. Ademais, hai alumnos que non poden defender o TFG no curso correspondente por non ter superado todas as materias, tendo que recorrer a convocatorias posteriores. Precisamente, a taxa de rendemento do TFG trae canda si consecuencias negativas para a taxa de graduación do noso título. Deste xeito, as medias de tempo de finalización dos estudos esténdense a un período maior de catro anos. Respecto da taxa de idoneidade na graduación (IN51G-S01-PM-01), é dicir, a relación porcentual entre os alumnos que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou antes e a súa cohorte de ingreso, mostra en certa medida información sobre o grao de eficiencia do alumnado e da institución, con relación á súa actividade académica e sitúase no 7,58 %. A duración media dos estudos aumenta moi lixeiramente respecto do curso 2015-16 (5,26 anos), chegando a 5,54 (IN38G-S01-PM-01), porcentaxe que se achega á media da USC, con 4,97. A taxa de éxito dos alumnos egresados obtida coma porcentaxe entre o número de créditos ordinarios superados e o número de créditos ordinarios presentados e avaliados (excluídos os adaptados, recoñecidos ou validados) é para o curso 2016-17 de 79,29%, manténdose na media dos últimos anos, moi próxima ao 80%. A taxa de eficiencia dos egresados, porcentaxe entre o número total de créditos do plan de estudos nos que deberon matricularse durante toda a súa formación o conxunto de graduados dun determinado ano académico e o número total de créditos dos que realmente se matricularon, para o curso 2016-17 é de 82,58 (IN53G-S01-PM-01), lixeiramente inferior á do curso 2015-16 (84,64%).

## 7.2.- Os índices de satisfacción dos estudiantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

## Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

### Satisfacción do alumnado coa docencia recibida

No curso 2016-17, manteñese o grao de satisfacción dos estudiantes coa docencia recibida, cunha puntuación de 3,89 (IN46G-S01-PM-01), igual á do curso anterior 2015-16. Como podemos apreciar, é superior á media da USC (3,85 [2501098\_MedUSC\_2016-2017]).

As preguntas que obtiveron o resultado máis elevado foron "Explica a programación da materia e os criterios de avaliación ao comezo da súa actividade docente" (4,13), "Cumpre co programa e o plan de traballo previsto" (4,13), "Resolve as dúbihdas que se lle formulan" (4,09) e "Ten unha actitude receptiva que facilita a comunicación cos estudiantes" (4,01). A puntuación más baixa é un 3,72 para as preguntas "Favorece que desenvolva a miña capacidade de transmitir información, ideas, problemas e solucións nesta materia" e "Propón actividades para favorecer a miña aprendizaxe autónoma".

Valoramos positivamente o incremento da porcentaxe de participación respecto do curso anterior, pasando dun 37,23% no ano académico 2015-16 a un 37,91% para o curso 2016-17.

### Satisfacción dos estudiantes cos programas de prácticas externas

Respecto da enquisa de satisfacción do alumnado cos programas de prácticas externas, cómpre sinalar que aínda que só cubriu o cuestionario un alumno, isto supón o 100% de taxa de resposta, valorada positivamente en comparación coa taxa do 25% do ano académico anterior. A avaliación global foi de 4,29 puntos (INF.06).

Debemos salientar que os ítems mellor valorados (coa puntuación máxima: 5,00) foron "As prácticas realizadas resultáronme útiles e foron un bo complemento para a miña formación", "As actividades desenvolvidas na empresa/institución cumpriron as expectativas que tiña antes de comezalas" e "A atención recibida por parte do/a titor/a profesional e do persoal da empresa/institución foi adecuada". A recente redacción dunha Guía de prácticas, que conta con información específica para o titor académico e para o titor profesional, que se xa está aplicando no curso 2017-18, contribuirá a aclarar as funcións de cada un dos titores e aumentará o grao de satisfacción dos alumnos respecto do programa de prácticas externas.

### Satisfacción dos estudiantes co traballo de fin de grao

No apartado anterior falabamos da baixa puntuación das valoracións do alumnado sobre o TFG en relación coa media do centro, conforme as enquisas.

### Satisfacción dos estudiantes entrantes cos programas de mobilidade

Respecto do nivel de satisfacción do alumnado entrante cos programas de mobilidade, pese a que os datos manexados non son específicos para o GLLM, cómpre sinalar que a enquisa só foi cuberta polo 20,8% dos estudiantes. O grao de satisfacción é moi elevado, in crescendo respecto do curso anterior (4,19), o máis alto de todos os cursos dos que temos información: 4,36 (a media da USC é de 4,11). Vid. IN16 e INF.05, Bloque 5. Satisfacción xeral.

O alto nivel de satisfacción evidénciase no feito de que, segundo se recolle no INF.05, un 100% do alumnado de mobilidade entrante da Facultade de Filoloxía recomendaría a experiencia a outros compañeiros.

### Satisfacción dos egresados coa titulación

A última enquisa da que temos datos corresponde ao curso 2015-16 e foi cuberta por 6 alumnos, o 21,43% dos egresados. Estes datos xa constan no IRA.

### Satisfacción do profesorado coa docencia impartida e coa titulación

Durante o ano académico 2016-17 incrementouse o grao de satisfacción do profesorado coa docencia impartida respecto do curso anterior, situándose en 3,85 puntos (IN47-S01-PM-01). Un curso máis, o ítem peor valorado é o nº 1, "O nivel co que chega o alumnado

(coñecementos e habilidades) é suficiente para enfrentarse aos contidos da materia", ao que lle corresponde unha media de 3,15 puntos, que en calquera caso é superior á do curso anterior (3,09). O ítem mellor valorado é o nº 8, "A coordinación entre os distintos profesores da materia foi efectiva", con 4,24, aínda que lixeiramente inferior á do curso anterior (4,46). Tendo en conta a complexidade do GLLM, que conta con cinco mencións, consideramos que o resultado é positivo e que, en xeral, o profesorado do GLLM está satisfeito coa docencia impartida. Nesta liña, é interesante salientar que o grao de interese do profesorado en recibir formación de apoio para a mellora da súa docencia, tanto no relativo ás novas tecnoloxías, como no tocante ao apoio didáctico e pedagóxico segue a ser moi alto (máis dun 80%). Respecto do grao de satisfacción do profesorado coa titulación (INF. 23), os profesores do GLLM móstranse altamente satisfeitos en todos os aspectos da enquisa. Cómpre engadir que a enquisa amosa o alto grao de contentamento do profesorado cos obxectivos e competencias, nos que se obtén unha valoración de 4,33 (obxectivos) e 4,22 (competencias do plan de estudos), ambas as dúas por riba da media da USC. En canto á planificación e o desenvolvemento da ensinanzas, o ítem mellor valorado é o da proporción entre as sesión teóricas e as prácticas na titulación (4,11), sendo o peor valorado o da coordinación entre as materias do plan de estudos (3,22).

No referente aos recursos humanos, materiais e servizos, a valoración media entre os diferentes ítems sitúase entre o 3,67 e o 3,88. Respecto dos resultados referidos ás competencias adquiridas polo alumnado (valorado cun 3,78) e á adecuación das competencias do título co desenvolvemento profesional do alumnado (3,44), podemos consideralos positivos. Practicamente están na media da valoración da USC. A orientación ao alumnado é avaliada positivamente polo profesorado, tanto as acción de orientación (3,78) como a orientación profesional e laboral (3,22) e a difusión das actividades extracurriculares (3,77). Finalmente, a xestión da calidade é tamén positiva nos seus diferentes aspectos, destacando a valoración sobre a información pública dispoñible sobre a titulación (3,77), sendo o ítem menos valorado das vías de participación na mellora da calidade da titulación (3,11). A media de valoración desta epígrafe sitúase no entorno da media da USC.

### Satisfacción do PAS coas actividades formativas desenvolvidas

A satisfacción media do PAS coas actividades formativas desenvolvidas é tamén moi elevada, cunha valoración media de 3,91 para o ano 2016. Un 79,91% do persoal que cubriu a enquisa recomendaría a realización do curso. O ítem peor avaliado ten que ver un ano máis coa información previa recibida sobre o curso (3,56), pero a puntuación non pode considerarse negativa.

### Outros grupos de interese

#### *Tutores profesionais das prácticas externas*

Tampouco no curso 2016-17 os tutores profesionais cubriron as enquisas de satisfacción, de modo que non podemos realizar unha valoración.

### 7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Non contamos con información nova sobre inserción laboral, polo que remitimos ao IRA realizado no ano pasado para a análise da información compilada neste sentido.

Na sección de novedades da páxina web da Facultade existe un espazo específico dedicado a "Bolsas e ofertas de emprego" en que se publica toda a información que recibe o Decanato sobre oportunidades de traballo ou ofertas derivadas das convocatorias de bolsas ou prácticas formativas para estudiantes ou licenciados/graduados, e que ten como finalidade favorecer a empregabilidade dos egresados. Na mesma dirección propuñamos unha AM no noso IRA consistente na apertura dunha páxina de Facebook do GLLM (tal como tamén ten feito algúns outros títulos da Facultade de Filoloxía), que se puxo en funcionamiento no presente curso 2017-18 co obxectivo de publicar ali, entre outras informacións, ofertas de emprego e/ou bolsas que consideramos de interese para os egresados do grao. Debido precisamente á súa recente creación, a nosa conta na mencionada rede social non ten aínda un número notable de seguidores, mais encontrase en vías de crecemento e poderá servir como un medio de contacto importante cos nosos titulados.

Ademais, considerando a utilidade da realización de prácticas en empresas en relación coa inserción laboral dos egresados, tentou

cuidarse especialmente a oferta no curso 2016-17 (IS2014-15) e, no presente curso, estamos dando os primeiros pasos (realizando xa, de feito, as primeiras consultas) para tratar de ampliar máis a nosa oferta coa incorporación do Centro de Lingüas Modernas (CLM) e nas EOIs (Escolas Oficiais de Idioma). Como xa se comentou no IRA, a previsión é que o número de convenios vaia en aumento nos próximos anos, de modo que xa se fixo efectivo o nomeamento de distintos responsables da titorización académica e de coordinadores de prácticas para cada un dos títulos, creándose así a Comisión de Prácticas Externas da Facultade de Filoloxía (08/07/2016).

O noso grao está orientado a perfís profesionais de futuro vinculados a sectores estratégicos para o espazo galego, español, europeo e extraeuropeo, como son a educación e os servizos lingüísticos e culturais. No curso 2016-17 convocárónse decenas de prazas para profesorado de Educación Secundaria formado en linguas e literaturas da nosa especialidade. No ano académico 2017-18 haberá unha oferta similar e, ademais, abríronse novas listas de substitucións para o ensino oficial de linguas, por exemplo, para Portugués (lembremos o comentado no IRA a propósito da Lei Paz Andrade, publicada no DOG 08/04/2014). En consecuencia, cremos que as taxas de inserción laboral para os anos vindeiros poderán experimentar unha considerable mellora.

<u><b>LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES</b></u>			
Criterios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
Todos	E1	Memoria Vixente do título	ACSUG
Todos	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme, Criterio 1
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	<a href="#">Web do Título</a>
1,3	E5	Actas das reunións celebradas, do último curso, da Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	Carpeta E5_actas
1	E6	Listaxe de estudiantes que solicitaron recoñecemento de créditos	Recoñecemento_creditos_GLLM.pdf
1,6	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusóns dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudiantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Autoinforme, Criterios 1 e 6
1,7	I1	Número de estudiantes de novo ingreso por curso académico	2501100_P.Ind_2016-2017
			2501100_INF.16_2016-2017
			2501100_INF.CiUG_2016-2017
1	I2	No caso de máster, número de estudiantes de novo ingreso por titulación de procedencia	--
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudiantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudiantes matriculados)	2501100_P.Ind_2016-2017
			5040_INF.03_2016-2017
2	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública**")	<a href="#">Web da USC</a>
			<a href="#">Web do Centro</a>
			<a href="#">Web do Título</a>
3	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	<a href="#">Web do Centro</a>
3	E11	Evidencias da implantación dos	<a href="#">Web do Centro</a>

		procedimientos do SGC( procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, enseñanza e avaliación centrados no estudiante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	
3,7	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	<a href="#">Web do Centro</a>
3,7	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme, Criterios 3 e 7 Carpeta "Enquisas de satisfacción"
Todos	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	2501100_P.Ind_2016-2017 2501100_INF.04_2016-2017 5040_INF.05_2016-2017 2501100_INF.06_2016-2017 2501100_INF.07_2016-2017 2501100_INF.08_2016-2017 2501100_INF.09_2016-2017 2501100_INF.10_2016-2017 5040_INF.11_2016-2017 2501100_INF.13_2016-2017 2501100_INF.14_2016-2017 5040_INF.21_2016-2017 2501100_INF.22_2016-2017 2501100_INF.23_2016-2017
3	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	2501100_P.Ind_2016-2017
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	2501100_E15_2016-2017
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5040_E16_2016-2017
4	E17	Análise das enquisas de avaliação da docencia (% participación, resultados,	Autoinforme, Criterio 4

		evolución, ... )	
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5040_I6-I7_2016-2017
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5040_I6-I7_2016-2017
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,... )	2501100_INF.13_2016-2017
			2501100_INF.14_2016-2017
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	5040_I10_2016-2017
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	<a href="#">Web do Centro</a>
5	E19	Información sobre servicios de orientación académica e programas de acollida	<a href="#">Web do Centro</a>
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	Sección <a href="#">prácticas externas</a> na web do Centro
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	Sección <a href="#">prácticas externas</a> na web do Centro
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	<a href="#">Campus Virtual</a>
6	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación)	TFG DEFENDIDOS_2016-2017_GLLM.pdf
6	E25	Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título	2501100_INF.15_2016-2017
6	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Autoinforme, Criterio 6
7	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	Autoinforme, Criterio 7
6,7	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendimiento - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	2501100_P.Ind_2016-2017
			2501100_INF.17_2016-2017
			2501100_INF.18_2016-2017
			2501100_INF.19_2016-2017
			5040_SIIU_2016-2017

7	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	2501100_P.Ind_2016-2017
			2501100_INF.CiUG_2016-2017
7	I14	Resultados de inserción laboral	2501100_EIL-SIIU_2016-2017

<u>MODIFICACIÓN DO PLAN DE ESTUDOS</u>									
MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN								
<p>Os antigos Itinerarios pasan a denominarse Mencións no Grao de Linguas e Literaturas Modernas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Lingua e Literatura Alemás</li> <li>Lingua e Literatura Francesas</li> <li>Lingua e Literatura Italianas</li> <li>Lingua Portuguesa e Literaturas Lusófonas</li> <li>Filoloxía Románica</li> </ul> <p>Modificación nos módulos complementario e optativo de Filoloxía Clásica que se ofertan ao alumnado doutros graos, entre eles o Grao en Linguas e Literaturas Modernas:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1) Converter o actual módulo complementario Filoloxía clásica I en módulo optativo e denominalo Filoloxía Clásica II.</li> </ol>	<p>Aprobado en Xunta extraordinaria da facultade en 8 de maio de 2017.</p> <p>Na memoria de verificación do Grao en Linguas e Literaturas Modernas, no apartado 5.1, relativo as ensinanzas, sinálase que: "A través del SET se articulará un sistema transparente de menciones que dé cuenta del itinerario seguido por el estudiante" (p. 32). Así pois, prevese que o SET recolla o devandito itinerario.</p> <p>Así mesmo, no marco do proceso de renovación da acreditación de títulos da facultade de Filoloxía, o panel de avaliadores externos, na lectura do seu informe oral co que pechou a súa visita, o 31 de marzo de 2017, aludiu explicitamente á conveniencia de que estos itinerarios aparecesen reflectidos no título de Grao en Linguas e Literaturas Modernas.</p> <p>Este cambio permite que o módulo dedicado ás literaturas antigas non teña que ser cursado con posterioridade ao módulo dedicado ás linguas. O intercambio do status de ambos os dous módulos ten como obxectivo facilitar o acceso a estudantes doutras titulacións filolóxicas, pois coa modificación proposta a escolha do módulo complementario non esixiría que o alumnado que o cursase tivese coñecementos de linguas antigas. Hai que ter en conta que as literaturas grega e latina</p>								
<table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr> <td style="padding: 5px;">Na actualidade</td> <td style="padding: 5px;">Modificación aprobada</td> </tr> <tr> <td style="padding: 5px;">Módulo complementario: <u>Filoloxía clásica I</u></td> <td style="padding: 5px;">Módulo optativo: <u>Filoloxía clásica II</u></td> </tr> <tr> <td style="padding: 5px;">Textos gregos 1, 2º curso, 1º semestre</td> <td style="padding: 5px;">Textos gregos 1, 3º curso, 1º semestre</td> </tr> <tr> <td style="padding: 5px;">Textos gregos 2, 2º curso,</td> <td style="padding: 5px;">Textos gregos 2, 3º curso, 2º</td> </tr> </table>	Na actualidade	Modificación aprobada	Módulo complementario: <u>Filoloxía clásica I</u>	Módulo optativo: <u>Filoloxía clásica II</u>	Textos gregos 1, 2º curso, 1º semestre	Textos gregos 1, 3º curso, 1º semestre	Textos gregos 2, 2º curso,	Textos gregos 2, 3º curso, 2º	
Na actualidade	Modificación aprobada								
Módulo complementario: <u>Filoloxía clásica I</u>	Módulo optativo: <u>Filoloxía clásica II</u>								
Textos gregos 1, 2º curso, 1º semestre	Textos gregos 1, 3º curso, 1º semestre								
Textos gregos 2, 2º curso,	Textos gregos 2, 3º curso, 2º								

<p>2º semestre Textos latinos 1, 3º curso, 1º semestre Textos latinos 2, 3º curso, 2º semestre</p>	<p>semestre Textos latinos 1, 4º curso, 1º semestre Textos latinos 2, 4º curso, 2º semestre</p>	<p>se explican utilizando traducciones de textos clásicos, polo que non se require coñecemento previo das lingüas respectivas.</p>
2) Converter o actual módulo optativo Filoloxía Clásica II en módulo complementario e denominalo Filoloxía clásica I.		
<p><b>Na actualidade</b> <b>Módulo optativo:</b> <u>Filoloxía clásica II</u>  Literatura grega 1, 3º curso, 1º semestre Literatura latina 1, 3º curso, 2º semestre Literatura grega 2, 4º curso, 1º semestre Literatura latina 2, 4º curso, 2º semestre</p>	<p><b>Modificación aprobada</b> <b>Módulo complementario:</b> <u>Filoloxía clásica I</u>  Literatura grega 1, 2º curso, 1º semestre Literatura latina 1, 2º curso, 2º semestre Literatura grega 2, 3º curso, 1º semestre Literatura latina 2, 3º curso, 2º semestre</p>	

**GRAO DE CUMPRIMENTO DO PLAN DE MELLORAS DO AUTOINFORME DE RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN**

ACCIONES DE MEJORA	
Código	AM-001
Origen	IRA
Ámbito de aplicación	Criterio 2. Información y transparencia
Análisis causa	En el análisis realizado en el proceso de elaboración del Informe de Renovación de la Acreditación se han detectado algunos aspectos susceptibles de mejorar en la información pública, la transparencia y la difusión de los títulos del centro.
Definición/ descripción propuesta	Mejoras en la información pública
Fechas	Curso 2016-17
Estado/Eficacia	Finalizada
Responsables	CCC de la Facultad de Filología
Tarea 1	AM-001-1
Descripción tarea	Mejoras en la información que se ofrece en la web (miembros de comisiones, acuerdos de comisiones, presentación de datos...)
Fecha prevista de finalización	Julio 2017
Responsable	Mª José López Couso. Decana de la Facultad de Filología
Estado	Finalizada
Comprobación Tarea	
Descripción Comprobación	Publicación y actualización en la página web de la Facultad de Filología de las composición de la comisión del grado, de las comisiones de títulos de Grado y de Máster y de la Comisión de Calidad del centro. Publicación de los principales acuerdos de la Comisión de Calidad y de la Comisión de Títulos de Grado. Página web de la Facultad de Filología ( <a href="http://www.usc.es/gl/centros/filoxia/calidade/index.html">http://www.usc.es/gl/centros/filoxia/calidade/index.html</a> )

Fecha Comprobación	15/03/2018
Incidencias	
Ajustes/Nuevas Tareas	
Tarea 2	<b>AM-001-2</b>
Descripción tarea	Creación de un perfil en la red social Twitter para la difusión de las actividades de la Facultad de Filología o de relevancia para los distintos grupos de interés del centro
Fecha prevista de finalización	Septiembre 2016
Responsable	María do Cebreiro Rábade Villar, Vicedecana de la Facultad de Filología
Estado	Ejecutada
Comprobación Tarea	
Descripción Comprobación	Se puede consultar el perfil @Cultura_FiloUSC
Fecha Comprobación	Septiembre 2016
Incidencias	
Ajustes/Nuevas Tareas	
Tarea 3	<b>AM-001-3</b>
Descripción tarea	Creación de un perfil en la red social Facebook con el nombre <b>Grao en Lenguas e Literaturas Modernas - USC</b> para la difusión no solo de actividades o eventos directamente vinculadas con el título, sino también para información sobre becas, ofertas de trabajo, convocatorias de diversos tipo, etc.
Fecha prevista de finalización	Julio 2017
Responsable	Coordinadora del GLLM en 2016-2017 (M <sup>a</sup> Isabel Morán Cabanas)
Estado	Ejecutada
Comprobación Tarea	
Descripción Comprobación	Se puede comprobar en Grao en Lenguas e Literaturas Modernas USC / Perfil Facebook: <a href="https://www.facebook.com/gllm.usc?ref=jewel">https://www.facebook.com/gllm.usc?ref=jewel</a>
Fecha Comprobación	09/03/ 2018
Incidencias	
Ajustes/Nuevas Tareas	

Tarea 4	AM-001-4
Descripción tarea	Optimización del aprovechamiento de la página web del área de Filología Románica de la USC para enlaces e informaciones directamente relacionados con el GLLM, sea sobre su itinerario específico, sea sobre los otros que configuran el título a partir de temáticas relacionadas
Fecha prevista de finalización	Julio 2017
Responsable	Coordinación del itinerario de Filología Románica en 2016-2017 del GLLM (Francisco José Fernández Campo)
Estado	Ejecutada
Comprobación Tarea	
Descripción Comprobación	Se puede comprobar en la página del Departamento de Filología Románica. <a href="https://www.usc/filrom">https://www.usc/filrom</a>
Fecha Comprobación	15/02/2018
Incidencias	
Ajustes/Nuevas Tareas	

Código	AM- 002
Origen	IRA
Ámbito de aplicación	Criterio 5. Recursos materiales y servicios
Análisis causa	La Facultad es un centro de grandes dimensiones en el que hay un número muy importante de espacios dedicados a la docencia (seminarios, laboratorios, aulas...) y a la celebración de actividades académicas en general (Salón de Actos y Salón de Grados), lo que obliga a una continua renovación de sus equipos e infraestructuras
Definición/ descripción propuesta	Mejoras en las infraestructuras y equipamiento del centro
Fechas	Curso 2016-17
Estado/Eficacia	Finalizada
Responsables	Mª José López Couso. Decana de la Facultad de Filología

Tarea1	<b>AM-002-1</b>
Descripción tarea	Instalación de enchufes en aulas y zonas comunes
Fecha prevista de finalización	31/07/ 2017
Responsable	Maria José López Couso. Decana de la Facultad de Filología.
Estado	No ejecutada
Comprobación Tarea	
Descripción Comprobación	
Fecha Comprobación	07/02/2018
Incidencias	Esta acción no se ha llevado a cabo por razones presupuestarias, dado que el centro ha tenido que atender otras necesidades en las aulas de docencia y seminarios.
Ajustes/Nuevas Tareas	No se prevé, de momento, abordar esta tarea. En un futuro, en función de la disponibilidad presupuestaria del centro, se podrá retomar esta acción.
Tarea 2	<b>AM-002-2</b>
Descripción tarea	Sustitución del sistema de amplificación de las aulas
Fecha prevista de finalización	Enero 2017
Responsable	Mª José López Couso. Decana Facultad de Filología
Estado	Ejecutada
Comprobación Tarea	
Descripción Comprobación	Se encuentran instalados en las aulas C02, C05, C06, D05 y D06
Fecha Comprobación	18/01/2017
Incidencias	
Ajustes/Nuevas Tareas	
Tarea 3	<b>AM-002-3</b>
Descripción tarea	Renovación parcial del equipamiento del Salón de Grados (cañón y Ordenador) y Salón de Actos (NUC y micrófonos)
Fecha prevista de finalización	Enero de 2017
Responsable	Mª José López Couso. Decana Facultad de Filoloxía

Estado	Ejecutada
Comprobación Tarea	
Descripción Comprobación	Los equipos previstos (cañón, ordenador, NUC y micrófonos) se encuentran Instalados en las ubicaciones correspondientes
Fecha Comprobación	18/01/2017
I incidencias	
Ajustes/Nuevas Tareas	
<b>Tarea 4</b>	<b>AM-002-4</b>
Descripción tarea	Instalación de un NUC en una de las salas de videoconferencias y compra de un cañón portátil. Este equipamiento tiene el fin de facilitar la actividad docente de todos los títulos de la Facultad, pero especialmente de los másteres interuniversitarios y de los Máster Mundus
Fecha prevista de finalización	Enero de 2017
Responsable	María José López Couso. Decana Facultad de Filología
Estado	Ejecutada
Comprobación Tarea	
Descripción Comprobación	El NUC ya está instalado en la sala de videoconferencias B13 y el cañón portátil se encuentra en las dependencias del Decanato a disposición de cualquier PDI del centro que lo solicite
Fecha Comprobación	19/01/2017
I incidencias	
Ajustes/Nuevas Tareas	

Código	AM-003
Origen	IRA
Ámbito de aplicación	Criterio 5. Recursos materiales y servicios
Análisis causa	La Facultad no tiene formalizado un Plan de Acción Tutorial (PAT) propiamente dicho, pero, tal como se detalla en el IRA, lleva a cabo numerosas actividades que constituyen en la práctica un plan de acción tutorial para la acogida y orientación del alumnado.
Definición/ descripción propuesta	Diseño y puesta en funcionamiento de un Plan de Acción

Fechas	Curso 2016- 2017
Estado/Eficacia	Finalizada
Responsables	Elisa Fernández Rei. Vicedecana de la Facultad de Filología
Tarea1	<b>AM-003-1</b>
Descripción tarea	Elaboración del PAT
Fecha prevista de finalización	Julio 2017
Responsable	Elisa Fernández Rei, Vicedecana de la Facultad de Filología
Estado	Ejecutada
Comprobación Tarea	
Descripción Comprobación	Aprobación por parte de la CCC del PAT y en la Xunta de Facultade de 7 de marzo de 2017. El PAT está disponible en <a href="http://www.usc.es/gl/centros/filoxia/outra_informacion/plan_accion_titorial/index.html">http://www.usc.es/gl/centros/filoxia/outra_informacion/plan_accion_titorial/index.html</a>
Fecha Comprobación	07/03/2017
Incidencias	
Ajustes/Nuevas Tareas	

Código	AM-004
Origen	IRA
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización y desarrollo
